



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 21 DE  
MARZO DE 2011**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA                      CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE (que se ausentou ás 22:15 horas)

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO  
Concelleira  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro non adscrito  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro non adscrito

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

INTERVENTORA

DONA CELSA PÉREZ GIL

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas do día vinte e un de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

1º	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON DESIGNACIÓN DE RÚAS A D. ALFONSO VARELA DURÁN E D. OLIMPIO ARCA CALDAS.
2º	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO AO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL E CADRO DE PERSOAL, EXERCICIO 2011.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

**Sr. López Campos do PP:** Perdoen, antes de comezar eu quería facer a consulta de se cabería aínda que sexa mantendo un minuto de silencio, ás vítimas do desastre acontecido en Xapón, creo que o Concello aínda que sexa no Pleno que quede constancia a día de hoxe desas vítimas que deixaron un país sumido na dor e que se saiba que o Concello da Estrada tamén se acorda delas.

**Sr. Alcalde:** Ao ser Pleno Extraordinario non sei se pode tratarse fóra da orde do día. Pero pode constar en acta. Pois así constará na acta.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON DESIGNACIÓN DE RÚAS A D. ALFONSO VARELA DURÁN E D. OLIMPIO ARCA CALDAS.** Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura celebrada en data 16 de marzo de 2011 que transcrito literalmente di:

**“2.- Proposta de nomeamento de Fillos predilectos do Concello da Estrada con designación de rúas a D. Alfonso Varela Durán e D. Olimpio Arca Caldas**

*O Concello da Estrada, tendo en conta a dedicación e o traballo recoñecido ao longo de moitos por D. Alfonso Varela Durán e D. Olimpio Arca Caldas, polos seus especiais méritos, cualidades e servizos extraordinarios realizados en pro do Concello da Estrada e en aplicación do Regulamento para a Concesión de Honras e Distincións aprobadas polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 12 de setembro de 1997,*

**PROPÓN AO CONCELLO PLENO:**

*A concesión do título de Fillo Predilecto e nomeamento de rúas co seu nome a:*

**D. Alfonso Varela Durán:** *Nacido na Vila da Estrada, onde foi entusiasta participante en multitude de iniciativas socio - culturais que elevaron e melloraron sempre o nome do noso municipio. Promotor e defensor incansable do bo nome e dos intereses do noso Concello dende a súa xuventude, exerce a profesión como prestixioso médico internista na Capital de Galicia dende onde se configura como un dos nosos máximos expoñentes da representación estradense. O Doutor Varela Durán non deixa en ningún momento de facer proselitismo a favor dun sentimento verdadeiro e afectuoso que alberga no seu corazón un estradensismo constante e infinito en favor de todo o que significa o noso pobo a través das distintas circunstancias en que nos tocou vivir.*

*Impulsor do progreso e de todo o que signifiquen melloras para A Estrada en calquera dos eidos da realidade, sen que ningún deles lle sexa alleo, fundou e preside dende 1983 a Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, dende a que traballa rodeado de fieis colaboradores de xeito ininterrompido dende hai 28 anos para maior honra e progreso do noso pobo.*

*Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo con diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa nº 35 que pasará a designarse Rúa Alfonso Varela Durán.*

**D. Olimpio Arca Caldas:** *Mestre, historiador e home da cultura da Estrada e de Galicia enteira, naceu nas veciñas terras de Cuntis e despois dunha florecente vida profesional que o levou a instalarse na Estrada casou coa filla deste pobo Dona Ana Camba, coa que fundou casa e familia para quedarse para sempre entre nós. Tivo unha exemplar traxectoria como docente o que non lle impediu dedicar incontables horas de estudo e traballo para iluminar a vida do municipio con maior coñecemento e sabedoría en moitas áreas do coñecemento, destacando sobre todo na súa vertente histórica.*

*Foi director do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela e promoveu centos de iniciativas conducentes a unha maior culturización da poboación estradense, colaborando sempre en cantos proxectos reclamaron da súa presenza e saber. Por todo elo e por moitas cousas máis, A Estrada nun exercicio de xustiza e acollemento, destácao co máximo recoñecemento que un veciño e xa fillo noso pode ter, en virtude do seu labor, traxectoria e méritos acumulados durante toda unha vida.*

*Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo e diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa Prolongación de A. Rodríguez Castelao que pasará a designarse Rúa Olimpio Arca Caldas.*

*Esta proposta é aprobada por unanimidade da Comisión de Cultura”*

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade, polo que o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

A concesión dos títulos de Fillos Predilectos e nomeamento de rúas co seu nome a:

**D. Alfonso Varela Durán:** Nacido na Vila da Estrada, onde foi entusiasta participante en multitude de iniciativas socio - culturais que elevaron e melloraron sempre o nome do noso municipio. Promotor e defensor incansable do bo nome e dos intereses do noso Concello dende a súa xuventude, exerce a profesión como prestixioso médico internista na Capital de Galicia dende onde se configura como un dos nosos máximos expoñentes da representación estradense. O Doutor Varela Durán non deixa en ningún momento de facer proselitismo a favor dun sentimento verdadeiro e afectuoso que alberga no seu corazón un estradensismo constante e infinito en favor de todo o que significa o noso pobo a través das distintas circunstancias en que nos tocou vivir.

Impulsor do progreso e de todo o que signifiquen melloras para A Estrada en calquera dos eidos da realidade, sen que ningún deles lle sexa alleo, fundou e preside dende 1983 a Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, dende a que traballa rodeado de fieis colaboradores de xeito ininterrompido dende hai 28 anos para maior honra e progreso do noso pobo.

Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo con diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa nº 35, sita entre as rúas Avda Benito Vigo e Virxinia Pereira, que pasará a designarse Rúa Alfonso Varela Durán.

**D. Olimpio Arca Caldas:** Mestre, historiador e home da cultura da Estrada e de Galicia enteira, naceu nas veciñas terras de Cuntis e despois dunha florecente vida profesional que o levou a instalarse na Estrada casou coa filla deste pobo Dona Ana Camba, coa que fundou casa e familia para quedarse para sempre entre nós. Tivo unha exemplar traxectoria como docente o que non lle impediu dedicar incontables horas de estudo e traballo para iluminar a vida do municipio con maior coñecemento e sabedoría en moitas áreas do coñecemento, destacando sobre todo na súa vertente histórica.

Foi director do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela e promoveu centos de iniciativas conducentes a unha maior culturización da poboación estradense, colaborando sempre en cantos proxectos reclamaron da súa presenza e saber. Por todo elo e por moitas cousas máis, A Estrada nun exercicio de xustiza e acollemento, destácao co máximo recoñecemento que un veciño e xa fillo noso pode ter, en virtude do seu labor, traxectoria e méritos acumulados durante toda unha vida. Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo e diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa Prolongación de A. Rodríguez Castelao, sita entre as rúas Alfonso Varela Durán e a do Matadoiro que pasará a designarse Rúa Olimpio Arca Caldas.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO AO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL E CADRO DE PERSOAL, EXERCICIO 2011.** Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas en data 15 de marzo de 2011 que transcrito literalmente di:

“ **2º. Proxecto de orzamento municipal, 2011.-** Concluídas as intervencións, a presidententa somete a votación a proposta do grupo de goberno de orzamento municipal para o exercicio 2011, que obtén catro votos a favor (BNG e PSdG-PSOE) e tres abstencións (PP e os concelleiros non adscritos), polo que resulta ditaminada

favorablemente, elevándose ao Pleno a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Apróbase o orzamento municipal para o exercicio 2011, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, por un total de *11.724.700,00 euros*, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.574.100,00	GASTOS DE PERSOAL	4.301.571,04
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	225.000,00	COMPRA DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.084.934,99
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.187.777,87	GASTOS FINANCEIROS	141.230,08
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.179.020,04	TRANSFERENCIAS CORRENTES	533.478,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	62.946,00		
<b>TOTAL I. CORRENTES</b>		<b>10.228.843,91</b>	<b>TOTAL G. CORRENTES</b>	<b>9.061.214,11</b>
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	1.746.196,79
<b>CAPÍTULO 7</b>	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	428.838,09	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	350.015,87
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	1.052.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	552.273,23
<b>TOTAL I. CAPITAL</b>		<b>1.495.856,09</b>	<b>TOTAL G. CAPITAL</b>	<b>2.663.485,89</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>11.724.700,00</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>11.724.700,00</b>

**SEGUNDO:** Sométese o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ó ano 2010, en aras ó establecido na D.F. 15ª da Lei 39/2010 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011.

**TERCEIRO:** Ó abeiro do indicado no artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, propónse a anulación das seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, por estar as mesmas incluídas nos créditos iniciais:

Nº EXPEDIENTE	TIPO MODIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	ACORDO APROBACIÓN
1/D/2011	Transferencia de crédito	Dotac. crédito contratos persoal laboral deportes e vías públicas	9.304,85	R.A. 12/2011
2/D/2011	Transferencia de crédito	Incremento I.P.C. pensión vitalicia J.L.C.F.	699,00	R.A. 66/2011
3/D/2011	Transferencia de crédito	Dotac crédito persoal. Dep. Informática (sentenza xudicial), e Dep.Rural.	31.560,18	R.A. 163/2011

**CUARTO:** Ratifícanse para o exercicio 2011 as equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario co obxecto de facer efectivo o sinalado no artigo 22.CATRO do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011.

Establécese a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Traductor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Informático	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 20
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpiador vestiarios	Nivel 14

Persoal confianza e asesoramento especial:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

### **INTERVENCIÓNS:**

**Sra Ruíz Ferro, do BNG:** Hoxe traemos aquí os Orzamentos do ano 2011 que ascenden a 11.724.700 €, significa unha baixada de 31.700 € que corresponde ao 0,27 %. Polo que respecta aos ingresos hai unha baixada de ingresos correntes de 302.460 € que significa un -2,87% do Orzamento total. Con respecto aos ingresos correntes, temos que dicir que sube o Capítulo I de Impostos Directos, o Capítulo III de Taxas e baixa o Capítulo II de Impostos Indirectos e o Capítulo IV de Transferencias Correntes que é o que máis baixa e que imos analizar cun pouco de detalle. O Capítulo IV redúcese en 407.415 € entón temos por un lado que a Participación de Impostos do Estado aumenta en 205.000 €, a Xunta Consellería de Presidencia aumenta en 2.200 € e a Xunta Consellería de Traballo e Benestar de Plan Concertado ten un aumento de 52.500 €. A baixada deste capítulo é a Xunta Fondo de Cooperación Local 187.600 € a Xunta, Consellería de Educación – Conservatorio 6.000 € e tamén a Xunta na Consellería de Sanidade drogas 4.400 €. Outra baixada non é baixada porque os Fondos FEIL xa o ano pasado permitiron un importe que fora a gasto corrente que este ano non estaba previsto de 473.000 €. Isto polo que se refire á baixada de ingresos correntes e os ingresos de capital teñen unha subida de 270.760 € que significa un 22,10 %. As subidas por ingresos de capital veñen dadas pola subvención de obras na Casa do Concello, o PPC que non había o ano pasado e a subvención para o aforro enerxético. Isto polo que se refire aos ingresos. Iremos analizar tamén os gastos cunha baixada do Gasto Corrente de 257.295 € o que significa un recorte de menos do 2,76 % e polo miúdo de capítulo por capítulo dos gastos correntes o Capítulo I de persoal sube 41.539 €, temos que ter en conta que se crea unha praza de informático e incluso que hai que pagarlle uns atrasos por sentenza firme. Tamén está incluído neste capítulo os gastos de exercicios anteriores que corresponden a horas extraordinarias 35.647 € e non inclúe, como moitos dos Orzamentos si o incluían a rebaixa para redución do déficit, porque ao final a subida non é de 41.539 €. O Capítulo II de Bens Correntes e Servizos baixa en 209.681 € significa un 4,88 % menos, tamén inclúe este capítulo de gastos en bens correntes e en servizos gastos de exercicios anteriores por 97.283 € para realizar o pagamento das facturas canto antes e non ter que agardar ao recoñecemento extraxudicial de crédito. O Capítulo III de Gastos Financeiros tamén sube nunha pequena cantidade pola previsión de aumento de xuros. O Capítulo IV de Transferencias Correntes baixa en 98.000 €, principalmente porque o que respecta á subvención da casa de Codeseda de 90.000 € xa está o gasto executado no ano 2010, tamén baixan as subvencións comerciais, tamén aumentan os investimentos e unha transferencia á Deputación de traballadores en paro que non é necesario efectuala aínda que haxa por parte da Deputación algunha actuación. Isto polo que respectaba a Gastos Corrente, os gastos de Capital teñen unha subida de 225.595 € que significa un 9,25% isto é un pouco complexo pero se non se dan as cifras parece que non hai Orzamento. Respecto ao Capítulo VI Investimentos soben 305.144 € que significa

un 21,18 %, principalmente os investimentos son a reparación da Casa do Concello trescentos trinta e sete mil e pico, o PXOM cento vinte e cinco por un lado e 375.000 € por outro, depuradoras 104.000 €, aforro enerxético 100.000 € deportes 47.000 € A Estrada Románica 34.000 € a conservación do patrimonio histórico, artístico e natural 30.000 €, reposición terreos trinta e cinco, pavimentacións oitenta, formigonados setenta e cinco, canalizacións corenta mil e o PPC 148.228 €. Isto polo que respecta ao Capítulo 6 de Investimentos, pero temos que tamén ter en conta que o gasto de capital tamén inclúe o Capítulo 7 que son investimentos que acometen outras administracións ou institucións, entón transferencias de capital, temos a traída do Umia con trescentos dez mil, unha subvención ao Museo do Pobo Estradense a través da Fundación Cultural da Estrada 17.385 €, unhas transferencias a cooperativas agrarias 12.000 € e para infravivendas 10.000 €, o total gasto de capital en investimentos, acométeo o Concello como falamos e outras administracións e institucións vai a 2.096.211 €, tamén teñen unha baixada os pasivos financeiros pola amortización do préstamo. Iso polo que respecta á estrutura do Orzamento de gastos e ingresos, o endebedamento neste ano 2011 é dun 42,68% o nivel de endebedamento e a débeda do 2011 é de 4.655.119 €, os fondos propios o ano 2011 ascenderon a 615.356 € que significa o 6,01 % dos ingresos correntes, no Orzamento tamén se leva unha modificación de bases, que por exemplo a 22 que se establece como prioritario o pagamento mediante transferencia bancaria, quedando residual o pagamento en cheque e prohibido incluso en efectivo. Modifícase tamén a base 39, porque agora non está o recadador municipal e hai obriga de presentar as contas de Recadación polo Departamento Municipal. Tamén cambia a base 40 polo que afecta a aprazamentos e fraccionamentos de débedas como se pode mirar nas Bases de Execución e no Título 5º polo que afecta a subvencións tamén se introducen prazos para a aprobación de convocatorias, publicacións e de presentación de subvencións e tamén no Título 5º de subvencións modifícase o cadro dos perceptores de subvencións, porque hai inclusión dalgunha nova. Estabilidade Orzamentaria, incúmrese a Norma de estabilidade orzamentaria en 499.726 €, é verdade que esta norma nos prexudica por ser un concello de pequena entidade, saneado e con débeda razoable e ademais este ano aínda rebaixamos máis a débeda co importe de persoal para redución do déficit, o Orzamento preséntase tamén fóra de prazo, tiña que estar aprobado o día 31 de decembro. Quero destacar como conclusión deste Orzamento o esforzo realizado na contención do gasto corrente e en bens e servizos Capítulo 2, rebaixouse nun 4,88% 209.681 € polo que respecta a 2010 e un 13,68 %, 647.278 € polo que respecta a 2009, fixemos un esforzo racionalizando o gasto corrente ao máximo, para poder incrementar os investimentos e o gasto social, como así ocorre neste Orzamento e así dar confianza aos veciños da Estrada e que vexan que pretendemos dar os maiores servizos e a maior dotación de infraestruturas na medida das nosas posibilidades e a posta en marcha do PXOM en canto se aprobe, este Orzamento tamén protexe aos máis necesitados, un exemplo é o tema da dependencia, o Concello achega un 42,08 %, 202.000 € cando a súa obriga sería dun 6%, así temos que atender dende o Concello os servizos que non afronta a Xunta de Galicia como é a súa obriga. Incluímos investimentos para o PXOM e non demorar un segundo a posta en marcha dende a súa aprobación que podería producirse en calquera momento se así se quixese, os investimentos son xa falamos de 125.000 € para o sdo industrial e 375.000 € para construción de aparcadoiros. Polo que respecta ao fomento de emprego, modestamente xa se solicitou á Xunta a contratación de 28 traballadores mediante o plan de cooperación local, ao abeiro da Orde na que se establecen subvencións para o fomento do emprego, contamos cun período de 12 meses, contamos con que a Consellería de Traballo e Benestar nos conceda esta solicitude. E como medida social, na medida dende a que dende o Concello podemos actuar, auméntase en 60.000 € a contratación do persoal do INEM para paliar en certa medida a precaria situación en que se atopan os veciños. Incluímos investimentos para o PXOM, e foron conxelados os tributos municipais para non agravar aínda máis a situación de crise das veciñas e veciños da Estrada, estamos por potenciar a Facenda Pública con mellor xestión e non subindo impostos, e de verdade que queda moito por facer. A Estrada está sendo un referente na prestación de servizos sociais, culturais, deportivos e asistenciais, e tamén na posta en valor do patrimonio histórico, artístico e natural, estase a dar a coñecer o noso Concello en todo o mundo, coa Rapa das Bestas como mascarón de proa, cunha promoción turística como nunca antes se fixo neste Concello.

**Sr. López Campos do PP:** Boa noite, pois como adoita ser habitual neste tema, discrepamos bastante da lectura tremendamente optimista que fixo a concelleira de Facenda, entre outras situacións, unha porque se recordamos tempos pasados e analizamos cal era o comportamento do BNG cando os Orzamentos se presentaban no mes de xaneiro, as súas críticas voraces contra a xestión municipal deixaban ben ás claras o

descontento que supoñían que se presentasen extemporaneamente, de feito este ano como mostra desa xestión eficaz e eficiente nas súas áreas, preséntannos o Orzamento non 15 días máis tarde senón case cumpridos tres meses do exercicio 2011 e iso aínda que a propia concelleira empeñase a súa palabra na última sesión plenaria cando debatíamos o último Orzamento o do ano 2010 onde recoñecía a súa anticipación a presentar aquel Orzamento por motivos do cambio do que eran as variables fiscais ou de análise dos Orzamentos e que polo tanto lle impedía presentar a debate o Orzamento en tempo e forma como debería de facerse, pero daquela tamén dixo que esta era unha situación excepcional e que garantía que no próximo exercicio económico o Orzamento estaría a tempo para ser debatido e que estaría antes de finalizar o exercicio económico como corresponde a calquera administración responsable. Xa vemos que non se cumpre nin unha cousa nin a outra e vémonos a día 21 de marzo analizando os Orzamentos do ano que leva alá case un trimestre consumido. No que respecta a algunhas das afirmacións que fixo na súa presentación, xorden algunhas dúbidas por parte do PP, sobre todo se analizamos os informes de Secretaría e Intervención hai algunha dúbida máis que fundamentada sobre se o motivo polo que se incorporan os recoñecementos extraxudiciais de crédito no Orzamento 2011 é, como xustificaba a concelleira para xustificar o pagamento de facturas pendentes ou é para disimular a posible factura da xestión bipartita no Concello da Estrada que é reiterada por varias veces nos informes de Secretaría e Intervención sobre a liquidación dos remanentes do exercicio 2010. Hai certas dúbidas, algunhas cando se recorre ao argumento do posible endebedamento para financiar os investimentos reais, nos propios informes me refiro, outras cando se analiza a situación económico – financeira do Concello, onde tanto unha como outra informan claramente que determinadas decisións que se tomen neste Orzamento estarán condicionadas pola posibilidade de acceder a outro crédito sempre e cando o remanente da liquidación do exercicio 2010 permita esa posibilidade, polo tanto xurde a primeira dúbida, se ese recoñecemento extraxudicial se incorpora no exercicio 2011 para axilizar o pagamento das moitas facturas que hai pendentes ou se se incorpora para intentar diminuír o posible impacto negativo que poida ter a liquidación do Orzamento do 2010 cando vexamos a nivelación do Orzamento entre ingresos e gastos. Tamén discrepamos sobre o esforzo que está facendo a Administración Local no tema da Lei de dependencia, nós entendemos que calquera esforzo é pouco, pero tamén supoño que todos coñeceremos que tanto a Administración Local, é certo, como a Administración Autonómica, tamén é certo, están facendo un esforzo por riba das súas posibilidades e por riba das súas obrigas en materia de dependencia, porque o que non está cumprindo coas súas obrigas de transferecia dos fondos ás entidades locais e autonómicas é o Goberno de Madrid, que é o que está achegando o 20% dos recursos cando tiña que estar achegando o 50% dos recursos para poñer en marcha a Lei de dependencia, polo tanto non está dotando dos fondos necesarios para que esa lei aproba se poida aplicar con eficacia e con suficiencia dos recursos, polo tanto entendemos o esforzo que está facendo a Administración Local pero dende logo ten que quedar claro quen é o que non está cumprindo cos seus compromisos en materia de Lei de dependencia. Nós entendemos que fundamentalmente un Orzamento, e diciámolo o ano pasado no debate dos Orzamentos tamén, é a ferramenta básica do Goberno, creo que é a folia de ruta que vai marcar as posibles decisións que se tomen nun futuro e como un Goberno prioriza naquelas decisións que considera máis importantes para o seu futuro e nesa liña non podemos máis que destacar que é un Orzamento tremendamente continuísta, eu creo que me dá a impresión á hora de ler o Orzamento Municipal e á hora de analízalo, que se fixo como se puido, non como se quixo e iso dende logo pódese ver á hora de como se foron encaixando as diferentes partidas e como se foron buscando os datos económicos para intentar maquillar unhas contas que realmente en si son dificilmente xustificables ou defendibles, pero é certo que todos recordamos que no ano 2008 o PP presentara unha emenda aos Orzamentos nas que se analizaba ao detalle determinadas partidas onde nós entendiamos que se podía facer un especial esforzo naquel ano 2008 é certo que algún partido aínda negaba a existencia da crise e dicía que non había ningún tipo de problema no horizonte e que estabamos na *Champion League*, pero certo que naquel momento o PP xa ofreceu un consenso e un compromiso para intentar axustar as contas do Concello á realidade que nos tocaba vivir no seu momento, unha realidade que se presumía difícil, que todos os organismos internacionais dicían que viñan tempos complicados e empezando por cada un dos veciños, administracións locais, autonómicas e centrais se terían que apertar o cinto sobre todo no que era o gasto corrente. Naquel momento pretendiamos, creo recordar de memoria, que naquel momento o Concello presentaba uns Orzamentos cun gasto corrente superior aos 4.7000.000 € cando viñamos en Orzamentos anteriores nun gasto que practicamente rondaba os catro millóns de euros. Estamos falando que nos primeiros orzamentos que presentou este Goberno houbo un gasto exponencial do gasto corrente, incrementouse no ano 2008 700.000 € directo a gasto nese Orzamento e nós propoñiamos un esforzo de



contención, volvendo ás cantidades do ano 2006-2007 para intentar con eses fondos paliar a tremenda situación económica e a situación difícil que presupuñiamos que podía vir. Efectivamente foi así, por desgraza o Goberno Municipal fixo caso omiso a esas recomendacións, gobernaron de costas á realidade e o que nos levou foi que tres anos despois teñan a triste marca de ter practicamente 2.000 parados na Estrada, esa é a triste realidade que nos toca vivir na Estrada e é un drama que nos toca afrontar da mellor maneira posible pero sen ter un referente que podería ser a Administración Local o primeiro referente que nos podería permitir paliar en certa medida esa situación, pero está claro que estamos moito máis preocupados en gastar en nós mesmos e menos preocupados en gastar nos demais e poidan saír desta forma mellor. Polo tanto dicimos Orzamento completamente continuista e se o imos desgranando un pouco por capítulos, sobre todo no que respecta no capítulo de gasto, que é onde máis esforzo pode facer o Goberno, está claro que os ingresos en gran medida gran porcentaxe deles nos veñen dados xa por outras administracións e polo tanto temos que repartir o que nos toca, é certo que tamén que non se dixo pero que é importante destacalo, dende o ano 2008 a rebaixa que vén de fondos que vén recibindo este Concello pola Achega de Tributos do Estado, reduciuse aproximadamente 850.000 € anuais todos os anos que nos achega de menos a Administración do Estado, e ademais tendo en conta que temos unha débeda polos anticipos recibidos que hai que devolver, que entendo que en ningún sitio fai referencia pero entendo que debe estar incorporada xa na diferenza dos fondos que imos recibir este ano. Pero o que está claro é que no ano 2008 recibiamos 4.400.000 € e este ano van ser tres millóns e medio de euros, esa é a realidade que nós tamén anticipamos cando se falaba daquel maravilloso Plan E e cando falabamos de que íamos pagar sempre os mesmos, que o Plan E tiña cola e que estaba claro que por un lado nos daban e por outro nos quitaban o triplo, porque agora imos ter moitos menos recursos da Participación en Tributos do Estado durante moito máis tempo e polo tanto vaise multiplicar ese efecto negativo para o noso Concello. Tamén é certo que queda acreditado nestes Orzamentos e cunha simple folla de cálculo, poñendo o que lles custa aos veciños da Estrada un único goberno a un goberno en dous, é unha diferenza cuantificable e medible en datos, e dende logo, o medible como non é opinable, podemos facer unha simple vista atrás do que pasaba nos últimos Orzamentos cando había un só goberno a agora cando hai un goberno de dous e iso que imos resumir en datos que o Orzamento do ano 2007 representaba un gasto no Capítulo I de gastos de persoal de tres millóns e medio de euros e este Goberno para facer o mesmo necesita 4.300.000 €, ese é un dato cuantificable que eu creo que é cuantificable e transcendente, polo tanto podemos resumir que un bipartito é para A Estrada 800.000 € anuais en materia de persoal, ese é un dato que dende logo reflicte ben ás claras o que está pasando con este Goberno, e ademais non é un dato que aconteza só neste exercicio, é que reiteradamente os datos son así de teimudos e pasamos do ano 2007 de tres millóns e medio de euros en gasto de persoal, no ano 2008 tres millóns setecentos cincuenta, no ano 2009 catro millóns douscentos dezaseis, no ano 2010 catro millóns douscentos sesenta e no ano 2011 catro millóns trescentos mil, en resumo, despois de catro anos de goberno bipartito, a herdanza coa que queda o Concello da Estrada é un gasto de persoal 800.000 € anuais por riba do custo de persoal que tiña o anterior Goberno. Ademais hai un lixeiro incremento do 1% no gasto de persoal este ano, vén motivada pola conxelación que nos esixe o Goberno de Madrid, a conxelación do soldo dos funcionarios e ademais vén motivada por unha sentenza xudicial na que un traballador deste Concello contratado reiteradamente nunha situación non legal, ten unha sentenza xudicial en firme e hai que incorporalo como persoal laboral indefinido ao Concello da Estrada. A masa retributiva do persoal funcionario conxélase, a produtividade auméntase un 2,51%, pero aquí chega o debate de todos os anos, o tema das horas extras, as gratificacións e dos pagamentos aleatorios que se fan dende o Concello e dende logo o pagamento de favores políticos e isto non o digo eu, eu non me atrevo a facer ese tipo de declaracións, díxoo o Sr. Alcalde da Estrada no ano 2007 cando en prensa iniciou a súa cruzada contra as horas extras para reducir gastos e afirmou que o pagamento de horas extras que facía o Goberno do anterior a cuestión das horas extras podía estar viciada ou quizais se está pagando deste xeito outras cuestións; son palabras do Sr. Alcalde onde di que vai poñer en marcha un programa de redución de gasto corrente, aludiu aos gastos que lle sorprenderon tremendamente como son o pagamento de 8.000 € mensuais por horas extras e ademais de excesivo este gasto teñen informe desfavorable de Intervención e que os traballadores necesitarán unha autorización previa e xustificación para realizar as tarefas fóra de horario, recolleo Voz de Galicia, Correo Gallego e Faro de Vigo, dicimos que mes de xullo do ano 2007. Que foi o que pasou dende aquela?, pois que perdoando a expresión o tema das horas extras é un auténtico “despelote” monumental, estamos vendo unha evolución e unha xestión tremendamente deficitaria no tema das gratificacións e horas extras, reiterado nun e mil informes por parte da Intervención e a Secretaría Municipal de que non se corresponde co

marcado na Lei, estamos falando de que as horas extras exceden do 10% da base legal permitida chegando a un 23,71%, estamos falando de que o Concello da Estrada tería permitido un pagamento de 55.000 € en horas extras e está contemplando un pagamento de 130.000 € isto é un incremento aproximadamente dun 130% máis do que podería aboarlles aos funcionarios en concepto de horas extras e isto dende logo á parte de vulnerar os límites legais, e recólleo o informe de Intervención, ou se fai un pagamento ou se emprega unha fórmula totalmente improcedente de forma arbitraria e por traballos que moitas veces xa están nas propias funcións dos empregados públicos e a evolución do tema das horas extras, igual que a evolución dos gastos de persoal, tamén nos deixa datos que non son para pasar por alto, no ano 2007 cando o Alcalde da Estrada iniciou a súa cruzada polo pagamento de horas extras pagáronse 61.800 € en horas extras, era un escándalo maiúsculo, era sorpresivo o pagamento desta cantidade de horas extras e era unha fórmula de pagar favores políticos, no ano 2008 pasouse de 61.000 € a 64.000 €, no ano 2009 pagáronse 174.000 € en horas extras, triplicouse o pagamento de horas extras, no ano 2010 cos datos que temos no noso poder entre os datos recollidos no Orzamento 2010 máis o recoñecemento de crédito incorporado no Orzamento 2011 o pagamento de horas extras ascendeu a 154.374 € e no ano 2011 imos practicamente polo mesmo camiño cun incremento do 15% en horas extras con respecto ao ano 2010 ascendendo a 130.700 €, despois virán os recoñecementos extraxudiciais para recoller aqueles pagamentos de horas extras que non tivesen encaixe orzamentario neste exercicio. Creo que é un tema tremendamente grave, que se no ano 2007 era un escándalo o pagamento de 60.000 € anuais, é un tremendo escándalo o pagamento de case trinta millóns de pesetas anuais que está facendo este Concello no tema de horas extras, e paréceme ademais que a situacións iguais hai que aplicarlle diagnósticos iguais, polo que me parece que isto é un luxo que un Concello como o da Estrada non se pode permitir, que é un escándalo de magnitudes importantes e ademais fomenta a arbitrariedade das decisións e no pagamento suposto, en palabras do actual Alcalde da Estrada, do suposto pagamentos políticos a persoal funcionario que en parte fagan o seu traballo como o Alcalde ou parte do Goberno lles pidan que fagan. Creo que ademais temos un exemplo claro nos Orzamentos, o problema desta sentenza que incrementa o Capítulo de Persoal en 40.000 €, hai outro aspecto que eu creo que é tremendamente grave tamén que é o Decreto 1339/2010 onde con informes de Intervención Municipal en contra o Alcalde da Estrada prorroga un contrato a un traballador social por máis de tres días consecutivos e polo tanto está fomentando a contratación en fraude de lei e este traballador nun momento determinado poderá pedir a través dunha demanda correspondente os mesmos dereitos que lle asisten a este traballador que acaba de recoñecerlle a xustiza. Estamos fomentando o pagamento arbitrario aos funcionario e estamos fomentando o fraude de lei e a entrada pola porta de atrás a determinadas persoas que non poden acceder ao seu posto de traballo a través dunha oposición e que seguramente interese politicamente incorporalos a unha administración ou á función pública dun xeito un tanto escura intentando non defender os intereses de libre concorrencia todas as persoas que queiran traballar na administración local. Ademais hai determinadas deficiencias no que é o Orzamento no que se detalla que a asignación dos complementos de produtividade non se axusta á legalidade polo acordo plenario que hai tomado para dar base a ese tipo de retribucións, e ademais consta no expediente algunha referencia ao mencionado tantas veces documento da RPT, e nós hoxe debatendo este aspecto entendiamos que posiblemente detrás de todo isto a estratexia real do Goberno ou da ala socialista do Goberno fose non aprobar a RPT, creo que no fondo había un firme convencemento de que o Concello non podía asumir o custo da RPT pero que o PSOE quixo xogar unha carta marcada para intentar quedar ben diante dos funcionarios pero coa intención de non chegar a aprobala. Eu creo que esa retribución arbitraria, eses contratos con certas sombras en fraude de lei, o que fan é aplicar a política de retribución arbitraria, beneficiar aos que se portan ben e prexudicar aos que se portan mal, e en definitiva utilizar fondos públicos para pagar favores políticos. Ademais consta unha partida no Capítulo I de 126.000 € para a futura aprobación da hipotética RPT e a pregunta que toca ao facer unha análise do Orzamento Municipal e ver a capacidade recadatoria, a chegada de fondos doutras administracións, a estrutura de gasto e o peso de gasto corrente e gasto de persoal no noso Orzamento a pregunta é sinxela, de onde pensaba sacar e aquí exclúo ao BNG e pregunta á parte socialista pregunto de onde pensaba sacar os 750.000 € que lle faltaban tendo en conta xa os 126.000 € que recollen os Orzamentos, onde estaban os 750.000 € que lle faltaban para aprobación da súa RPT fantasma, porque foi a RPT bastante sospeitosa que apareceu e reapareceu cunha xestión tremendamente estraña pero que ao final conviría analizar coa base de ingresos e coa base recadatoria que ten o Concello da Estrada, de onde pensaban sacar os 750.000 € que lles faltaban para poñer en marcha a RPT, ademais hai un dato importante no informe de Intervención, e iso vostedes sabían tamén, por iso nos xorden dúbidas sobre a intención

final do Goberno ou do PSOE que cuestiona se neste momento se pode aprobar a RPT, fundamentalmente por dous motivos, porque a única opción como constataba o propio informe no seu momento era a subida dos impostos nun 30%, era a única forma de poder obter os recursos necesarios para poñer en marcha a RPT polo tanto ese é un dato importante e a segunda reflexa que sería contrario ao determinado no Real Decreto 8/2010 no que se adoptan medidas extraordinarias para reducir o déficit que aprobou o PSOE en Madrid, polo tanto esas dúas dúbidas creo que son importantes e nos levan a pensar en certa medida que o que había detrás de todo isto era unha estratexia política e nada máis.

No que respecta ao Capítulo II no gasto corrente, pois vemos outra vez a ver o que representa o bipartito para os estradenses, pois dende o PP da Estrada temos a sorte de poder analizar en detalle os Orzamentos Municipais, e dámonos conta que sorprendentemente no Capítulo II no gasto corrente, o gasto de servizos que recordamos que é unha cantidade moi importante que recordamos que supera o 42% dos Orzamentos do Concello volve a niveis de gasto do ano 2007, dato importante non é menor, polo tanto con isto só queda unha conclusión, no ano 2010 no que respecta a gasto corrente o Concello da Estrada non ten máis competencias nin máis gasto vinculado a determinadas competencias que o que tiña no ano 2007, o que trae unha segunda conclusión e é que no ano 2010 estamos no mesmo nivel de gasto corrente que no ano 2007 cos mesmos servizos e coas mesmas competencias ou incluso algunha máis agora mesmo, o que está claro é que durante 3 anos 2008, 2009 e 2010 este Goberno bipartito dilapidou máis de 1.600.000 € en gasto corrente que gastou por riba dos 4.000.000 €, recordo o ano 2008 4.700.000 € ano 2009 4.700.000 € ano 2010 4.265.000 € que suman un total de 1.600.000 € que este Goberno coas mesmas obrigas cos veciños, coas mesmas prestacións de servizos e coas mesma xestión gastou 1.650.000 € máis en gastar en si mesmo e en gastar en menos nos cidadáns, porque o gasto corrente ten esa característica que é gasto corrente, ordinario que non xera ningunha riqueza, polo tanto iso é un dato que nos leva a chegar á conclusión de que ese millón seiscentos mil euros de gasto corrente máis os 800.000 € a maiores que temos que pagar todos os anos, se cuantificamos ano a ano nos catro anos que leva este Goberno serían outros máis de dous millóns de euros que se pagou máis en persoal, lévanos a pensar que o bipartito, A Estrada e aos veciños da Estrada lles custou en catro anos aproximadamente 4.000.000 €, é unha cuantificación con datos obxectivos e reais que nos levan a confirmar o que está confirmado a todos os niveis que é o despilfarro característico dos bipartitos e que dous gobernos son dobre gasto e a metade de eficacia, ese é o resumo desta xestión municipal nestes catro anos e nos últimos Orzamentos que van presentar neste mandato. Ademais como dicía antes o dato a que se fai referencia varias veces nos distintos informes, o informe concretamente fai referencia a que previsiblemente no ano 2010 non exista remanente de crédito suficiente para facer fronte ao pagamento das facturas pendentes, este é un dato que non é menor e que seguramente veña directamente vinculado con esa incorporación dos remanentes no ano 2011 para intentar maquillar en certa medida a liquidación do ano 2010, ou sexa que como resumo ademais de gastar moito máis ca calquera outro Goberno ademais gastan moito máis do que poden pagar e polo tanto están metendo este Concello nunha espiral de gasto necesario e improdutivo do que despois outros van ter que asumir esas consecuencias e intentar reflotalo. Este detalle vese que van pagar con este Orzamento, non van agardar á liquidación, non van agardar á liquidación do 2010 como correspondería, senón que van pagar con cartos do Orzamento 2011 gastos efectuados no exercicio 2010 e gastos efectuados en exercicios anteriores. Ademais se o esforzo en contención do gasto como dicía a concelleira fose tan importante e tan profundo creo que hai algunha frase nos informes que acompañan aos Orzamentos que non terían moito sentido, por exemplo onde se reitera a necesidade de levar a cabo unha xestión encamiñada á contención do gasto corrente, ademais fala concretamente dalgún tipo de gasto que consideramos importante reduciilo pola súa contía e polo pouco que achegan á mellora da calidade de vida dos nosos veciños. Unha das partidas máis importantes do gasto do Capítulo II que é de material subministrados e outros que ascende a tres millóns case seiscentos cincuenta mil euros e aquí hai un dato bastante curioso, existe un incremento do 12% actualmente do recibo da luz, os medios de comunicación están a falar xa de que previsiblemente no mes de abril o Goberno de España tome a decisión de facer outro incremento no recibo da luz doutro 10% no mes de abril, e é curioso que cun incremento do 12% a 1 de xaneiro de 2011 e un incremento esperado no mes de abril de 2011, estamos falando dun 22% no recibo da luz, se rebaixe a partida de enerxía eléctrica en 156.000 € pasa de 807.000 € a 650.000 €, isto evidentemente correspóndese cunha certa maquillaxe dos datos para intentar encaixar os Orzamentos Municipais; tamén é certo que hai unha pequena xustificación, este Goberno contempla a redución en 80.000 € pasar de 100.000 € a 20.000 € no que é a partida de gasto en electricidade do bombeo coa posta en marcha da traída de augas do Umia, de feito eses 80.000 € é unha rebaixa do 80% pero

hoxe en día a traída de augas do Umia non está operativa, o Goberno segue bombeando dende o río Liñares e van 3 meses deste exercicio máis o incremento do custo da factura eléctrica máis os meses que tardaremos en poñer en marcha a traída de augas do Umia, polo tanto esa redución do 80% non se corresponde realmente co espazo temporal da posta en marcha nin coa diminución do custo por enerxía eléctrica que vai achegar o Concello da Estrada. Ademais expoñen unha redución na iluminación pública, unha partida que leva nada máis nin nada menos que 500.000 € ao ano, tamén poderíamos cuantificar o incremento exponencial que esta partida tivo nos últimos anos de xestión do bipartito na Estrada, aquel Goberno que era contrario á instalación de puntos de luz e que puxo máis puntos de luz no rural de forma arbitraria que calquera dos 16 anos do Goberno anterior, pero iso lévanos a que hoxe en día teñamos que pagar medio millón de euros do custo da factura dos puntos de luz de alumeadado público do rural e representan unha rebaixa de 39.000 euros, pasar de 539.000 a 500.000, home esa rebaixa de 39.000 euros ao ritmo que vostedes van na colocación de puntos de luz no rural e ao ritmo que están incrementando a factura da compañía eléctrica, van a ter que vostedes que facer encaixe de bolillos apra poder cadrar estes orzamentos que eu considero tremendamente ficticios.

Despois reducen en 12.000 euros nese gasto e nese compromiso social, na aportación de alumeadado aos centros educativos, pasan de 57.000 a 45.000, rebaixan en 26.000 euros o gasto enerxético en cultura, sobre todo no que é o teatro principal, de 37.000 a 11.000 e rebaixan nada máis 7.000 euros no que é o Concello, no que é a xestión municipal, de 30.000 a 22.000.

Polo tanto nos custa entender como van a encaixar vostedes nun escenario dunha subida do 22% do recibo da luz, unha rebaixa nas partidas orzamentarias apra pago de enerxía eléctrica, dun 20%. Estamos falando dunha diferenza dun 40% entre o 22% que sube a luz e o 20% que están vostedes contemplando no orzamento municipal pero despois evidentemente pasa que as liquidacións dos exercicios están cuestionadas e postas en dúbida por si son unha liquidación positiva ou negativa.

Incrementan os gastos en combustibles nun 12% , pagan anda máis e nada menos que en gastos de combustibles 144.000 euros ao ano, e ademais como non, na súa liña de boa xestión e de eficacia e de eficiencia na xestión dos recursos públicos, aumentan vostedes un 10% no pago das facturas de telefonía móbil. É certo que lles fai falla este incremento de crédito porque cos incrementos que levan metendo nos orzamentos todos os anos, se están quedando curtos e este ano tamén vai un recoñecemento extraxudicial de crédito para pagar facturas de móbiles pendentes. Pero só lles dou un dato nada máis; gastan vostedes dez millóns de pesetas ao ano en teléfonos móbiles, ese é un dato que podería facer reflexionar a calquera sobre a conveniencia e a utilización de un medio que pagamos todos, que ten que ser utilizado para a xestión propia do cargo que desempeña cada un pero me parece que dez millóns de pesetas ao ano en facturas de teléfonos móbiles no Concello da Estrada, é unha indecencia e me parece que é un gasto que o noso Concello non se pode permitir.

Gastan 21.000 euros en protocolo, 48.000 euros en publicidade e propaganda, 47.000 en contenciosos, rebaixan programas de prevención en drogodependencias, nada máis e nada menos que de 13.000 euros a 2.000, rebaixan e eliminan ou practicamente eliminan as actividades culturais no teatro, de 60.000 baixan a 12.000 euros. Rebaixan os actos culturais nas parroquias; de 19.000 a 15.000. e despois hai unha dúbida que eu non chego a concretar, sobre unha partida de un incremento de 300.000 a 480.000 euros na partida de axuda a domicilio no fogar. Ademais tamén sería conveniente aclarar si se está xestionando debidamente esa partida e si se está xestionando debidamente ese servizo, pero ese será outro tema que trataremos outro día.

Outra pregunta que tamén nos gustaría que tivese resposta é que vemos que desaparece a indemnización da casa de Codeseda. Unha partida que creo recordar que o ano pasado ascendía a 97.000 euros e que pola noticia que temos, polo menos pola información que temos dende o partido popular, non nos consta que se materializase o pago desa indemnización, cóstanos que ademais os propietarios presentaron numerosos recursos ante esa sentenza e como dende logo non nos consta que estea pagado, unha vez que estea executado o pago no exercicio 2010, seguramente se non consta no exercicio 2011, dificilmente o van a poder pagar.

Despois hai un aspecto importante, no capítulo VI o que non dixo a concelleira foi que de 1.746.000 euros de investimento, 1.052.000 euros van a préstamo. Eu recordo aquela teoría fantástica da oposición fai uns cuantos anos onde dicía que o aforro neto había que destinalo a reducir débeda e que había certas estratexias en política orzamentaria que recomendaban que as inversións levaran unha porcentaxe determinada de fondos propios para poder acrecentar o músculo financeiro da administración local. O certo é que vostedes van a presentar un proxecto de inversións de 1.746.000 euros e o Concello da Estrada vai a aportar nada máis e nada menos que de fondos propios 265.000 euros, o 15% do proxecto

de inversión para o ano 2011. dos cales, dicirlles que a Xunta de Galicia aporta máis que o propio Concello. A Xunta de Galicia vai a aportar o 18, 60 % deses investimentos reais, 325.000 euros, a Deputación vai a aportar o 2,5 %, o Ministerio de Administracións Públicas vai a aportar o 3, 40 5 e a préstamo, a recursos de préstamo van a ir vostedes a 1.052.000 euros, que é o 60% do volume total do investimento.

**Sr. Alcalde.-** Sr. López rógolle que vai rematando, concentre un pouquiño a intervención porque como todos dediquen o mesmo tempo á súa exposición non acabamos o pleno hoxe. Entón por favor, condense un pouquiño a intervención a ver si vamos rematando.

**Sr. López Campos do PP.-** Eu nunca tiven límite de horario neste Pleno, supoño que hoxe tampouco o intentará poñer vostede

**Sr. Alcalde.-** Coincidirá comigo en que por respecto aos demais que nos meta vostede aquí unha intervención de unha hora, se todos fan o mesmo e que a qué hora rematamos. Faga o favor de condensar a súa intervención o máximo posible por respecto aos outros membros da Corporación.

**Sr. López Campos do PP.-** Levo 20 minutos exactos,

**Sr. Alcalde.-** Ben, non imos analizar iso, só lle digo que se todos os voceiros empregan o tempo que utiliza vostede, comprenderá que non podemos rematar o Pleno hoxe, entón faga o favor, concentre un pouco os argumentos para que os compañeiros da Corporación poidan facer uso da palabra. Ten a palabra.

**Sr. López Campos do PP.-** Quedan dúas horas e media polo tanto non temos présa nin temos problema. Despois tamén destacamos ou entendemos que faltan determinados investimentos que este goberno tamén expuxo como prioritarias. Falta sorprendentemente, ademais de que tamén falta no pleno do día de hoxe, a aprobación do proxecto da praza de Abastos, que se fixo unha tramitación expres, bastante chapuceira, onde non se lle deu información a ningún partido da oposición pois ademais falta sorprendentemente o compromiso do goberno municipal de que vai aportar os fondos dos 400.000 euros que lle corresponden para facer a obra da praza de Abastos, falta tamén algunha partida pro exemplo para o arranxo de algún pavillón ou centro educativo e si falamos de arranxos de pavillóns botamos en falta enormemente intentar paliar o estado lamentable e deplorable no que está o anexo ao Coto Ferreiro, que este goberno catro anos despois deixará igual que outros moitos temas sen solucionar. Tamén botamos en falta unha partida para a reforma do edificio do INEM, onde parece que o goberno fixo algunhas xestións cos propietarios para intentar buscarlle unha saída. Falta tamén a reforma da Casa do Pobo, faltan actuacións concretas en Sabucedo. Cremos que o importe destinado ás depuradoras no rural non é suficiente para poñer en marcha as obras de saneamento que xa existen e as deficiencias importantes que se detectan nas obras de saneamento e nas depuradoras no medio rural, e ademais vemos ese guiño do goberno municipal cara o plan xeral, un plan xeral que nin quixeron nin souberon aprobar, onde unha vez máis repiten as mesmas partidas que ían o ano pasado e que ían o ano anterior e o anterior, son as eternas partidas do partido socialista catro anos despois para investir 125.000 euros en mercar solo industrial e 350.000 euros ou 375.000 euros para facer uns aparcamentos no entorno da praza da feira.

Ademais o capítulo de inversión non ten o detalle suficiente e ademais no tema de inversións consignase importes para recoñecemento de créditos relativos a exercicios anteriores como pasa no Capítulo I e no Capítulo II, como dixen antes, estaremos condicionados nos investimentos como proba o propio informe, a que a liquidación do orzamento do ano 2010 sexa positiva e este é un aspecto que se incorpora de novo no documento do Plan Xeral.

Polo tanto o resumo destes orzamentos é que incrementaron vostedes en catro anos o endebedamento do Concello da Estrada en un 40%, dende que vostedes son goberno, o Concello da Estrada está un 40% máis endebedado, certo é que fai catro anos era un escándalo para algúns o endebedamento de 3.338.000 euros que tiña o Concello da Estrada, moito máis escándalo será si medimos coa mesma vara case 4.600.000 euros aos que vai a someter ao Concello da Estrada este goberno de 1.254.000 euros no endebedamento do concello.

Gastos en persoal; pois gastan vostedes 800.000 euros máis cada ano, gasto corrente, gastan vostedes 1.650.000 euros máis nos tres anos e ademais por encima e para finalizar, incumpren por segundo ano consecutivo e por primeira vez dende que é esixible o principio de estabilidade orzamentaria, por segundo ano consecutivo incumpren o principio de estabilidade orzamentaria e someten A Estrada a un plan económico e financeiro e

posiblemente á tutela da Xunta de Galicia nas contas públicas por endebedarse máis do que lles permite a lei . este é o resumo dos seus orzamentos e da súa xestión e polo tanto ante o espello das súas contradicións se atopan vostedes cada vez que presentan os orzamentos para o Concello da Estrada e dende logo eu entendo que esa imaxe que proxecta o espello nin a coñecerán nin lles gustará pero, unha vez máis é a súa responsabilidade e por tanto non van a contar co apoio do partido popular.

**Sr alcalde.-** Ten a palabra o Señor Reboredo.

**Sr. Reboredo Baños.-** Ben, boas noites a todos, ao ser o grupo minoritario temos o inconveniente que debate queda moitas veces descafeinado por parte nosa apra non ser reiterativos. En primeiro lugar quero felicitar ao voceiro do partido popular pola súa brillante exposición e a análise e estudo pormenorizado dos mesmos porque fixo unha radiografía clara de cal é a situación destes orzamentos e de cal é a situación deste Concello. En primeiro lugar teño que ser reiterativo; unha vez máis e despois de estar quince anos nun goberno escoitando sempre, anualmente nos debates dos presupostos os plantexamentos dos grupos da oposición naquel momento, hoxe goberno en canto á espontaneidade da presentación dos mesmos, temos que dicir que señora concelleira vostede vai a ter a triste bagaxe nesta lexislatura de non ser capaz de presentar os orzamentos durante a súa xestión, por tanto, iso demostra unha vez máis a gran mentira do BNG de cando está na oposición e de cando está no goberno. Pero si coincido co compañeiro de que este é un orzamento totalmente continuísta, non aporta absolutamente nada novo; non hai ningunha actuación no presuposto que nos permita visualizar ou ver algunha actuación que vaia a representar un avance nos sectores produtivos; en definitiva mellorar a calidade de vida dos nosos veciños.

Estamos hipotecados dende o punto de vista do Capítulo I e Capítulo II, isto representa un 71.53 € do orzamento, por tanto non queda marxe como despois demostra o capítulo de inversións, pero tamén é certo que este 71.53 % é produto da súa mala xestión tanto a nivel do Capítulo I , de persoal , como do Capítulo II, en gasto corrente, pero sen gasto corrente, como dicía o compañeiro, é asombroso ver como catro anos despois voltan a mesma cantidade de gasto corrente que no 2007.

No gasto de persoal é un escándalo absoluto, porque o capítulo de persoal si se incrementou en 800.000 euros; eu diría incrementouse máis de 800.000 euros pero é que no ano 2007 tiña un peso relativo no orzamento do 32.68 % e agora no ano 2011 ten un peso relativo do 36.69 %, aumentaron vostedes no peso relativo un 4 % en persoal, pero ademais hai que aplicarlles as subidas en produtividade e gratificacións, vostedes aumentaron a produtividade nestes tres anos nun 32,28 % con respecto ao 2007 e incrementaron as gratificacións nun 34.06 % tamén con respecto ao 2007.

Si aos 600.000 euros lles sumamos os 126.000 que van a futura RPT máis os incrementos de produtividade e gratificacións, estaríamos falando de que se aumentaron 973.000 euros ese capítulo, polo tanto ese capítulo pasaría aplicados os 126.000 euros a 5.273.000 euros, quérese dicir que un 50% practicamente do orzamento municipal o levaría o capítulo de persoal unha vez aplicada unha parte do que vostedes teñen pensado levar á RPT; unha parte, 126.000. Iso creo que é unha análise bastante rigorosa, son datos que figuran nos estadillos todos presentado no informe da alcaldía, por tanto non son manexados pola oposición, e iso é a triste realidade, polo tanto cando vostedes poñan en marcha unha parte da RPT, o Concello da Estrada vai gastar en persoal 5.200.000 euros, en contraste cos 3.500.000 euros que se pagaban no 2007, esa é a triste realidade.

Pero un orzamento salifícase como bo ou malo; señor Espiño acórdese cando vostede facía as súas salificacións, non só no capítulo de gastos senón tamén no capítulo de inversións, é dicir, ingresos, gastos e inversións.

E o capítulo de inversións unha vez máis segue a ser ridículo, evidentemente non hai posibilidade de incrementar ese capítulo porque nos afoga o capítulo de persoal e nos afoga o gasto corrente e a inversión real é un 14.89 %, non é un 21% señora concelleira, iso é o que vostede aumenta con respecto ao ano anterior pero en realidade o peso relativo do capítulo de inversións; do capítulo VI no orzamento deste ano é un 14.89 % non é un 21% e dese 14,89 % pois resulta que a chega de fondos propios do Concello só representa o 15 %, esa é a achega propia do Concello ao capítulo de inversión. Evidentemente 60 % a préstamo, 25 % outras administracións pero en definitiva ese capítulo de inversións non aporta absolutamente nada, nin no seu fondo, nin no seu contido porque se analizamos o capítulo de inversións, vemos que a maior inversión que vai a facer o concello da Estrada no exercicio 2011, son 337.000, que é a reforma da casa consistorial. Esa é a maior inversión que vai facer o Concello da Estrada no ano 2011; reformar o Concello. Xa me dirán que lle aporta esa inversión ao resto da cidadanía e aos sectores produtivos.

Pero logo tamén é curioso polo que dicía o compañeiro, do 1.052.000 euros que van a

préstamo, 500.000 van a ser inexecutables. No Plan xeral, ¿ aínda non son conscientes de que non teñen Plan Xeral?, ¿ van ter Plan Xeral de aquí a finais de ano?, por tanto o capítulo de inversións queda descafeinado por sí mesmo. E logo o resto de inversións, sacando un apr delas de 100.000 euros, outro par delas de 44.000 euros, estamos en 8.000 euros, 3.000 euros, 5.000 euros, 6.000 euros, 12.000 euros, é dicir, esas son as inversións reais que o Concello da Estrada vai a acometer nun presuposto de 11.000.000 de euros con fondos propios.

Se lle restamos os 500.000 euros que non van inverter do Plan Xeral, máis os 337.000 euros da casa consistorial, resulta que a inversión real son 921.000 euros co estadiño de inversións. En definitiva con estes orzamentos non imos facer nada, e sen profundizar máis porque creo que é perder o tempo facendo unha análise exhaustiva para coincidir cos argumentos que se puxeron sobre a mesa.

Nós si faríamos unha proposta para a lo menos paliar en parte estes presupostos deficitarios e sería no capítulo de persoal amortizar unha praza de secretaria da alcaldía, parécenos que dúas prazas de secretaria da alcaldía son suficientes e non tres, me parece que tres son un dispendio, e tamén propoñemos amortizar o asesor xurídico de urbanismo fundamentalmente porque dada a súa xestión no Plan Xeral, nos informes que fixo nos que ao principio levou a este concello a unha situación de enfrontamento total coa Consellería polo que creo que por tanto non é necesario, e propoñemos tamén reducir a partida de gratificacións ata o mínimo legal, 55.000 euros que era o que dicía o compañeiro, por tanto aí estaríamos falando de 34 máis 80, 104.000 euros e logo tamén faríamos un axuste á baixa no 5% do gasto corrente que suporía outros 104.000 euros, en definitiva poderíamos dispor de 308.000 euros para o capítulo de inversións con fondos propios o que suporía máis do 115 % en relación a inversión que vostedes expoñen de fondos propios.

Si se acepta esta proposta faríamos un esforzo e votariamos a favor e si vostedes seguen nesta liña e co seu proxecto de presupostos, pois nós votaremos en contra.

**Sra. Ruíz Ferro do BNG.-** Ben, vamos a ver, vou a contestar en conxunto, empezando polo señor López que foi o primeiro que interveu. Sobre os quince días de retraso que expón vostede nos orzamentos, que nos poñía como feras, teño que dicirle que no 2003 se aprobaron en maio, no 2004, en abril, no 2005 en xuño; teñen o *récord*, no 2006 no tres, no 2007 no 2, non eran quince días, porque continuamente faltar á verdade non é o correcto, e respecto do recoñecemento extraxudicial de crédito, se efectivamente vai haber ou non vai haber remanentes para pagalos ou non pagalos, iso é un xa veremos, efectivamente o que queremos é pagalos canto antes aos veciños que teñen as empresas e que nos subministran materiais, iso é unha realidade que queremos ter neste momentos. Ben, vostede dálle voltas á participación nos impostos do Estado e que vana rebaixar ou non vai a rebaixar. Este ano aumentaron aínda pagando a liquidación negativa que nos corresponde pagar cada ano, subiron en 220.000, quen verdadeiramente baixa é a Xunta como xa comentei antes, como baixaba en 180.000 euros no plan local. Sobre a lei do 5% do capítulo de persoal, hai que amortizar a débeda, isto xa o dixen, que non está incluído, é dicir, que no capítulo de persoal que sube 42.000 hai que ter en conta que a final de ano hai que rebaixar o importe que corresponda, non estaba incluído, vostede non me escoitou pero xa o dixen na presentación.

Respecto ás horas extras, baixan en 33.000 euros, ben son excesivas pero vostede dixo que subían así que vamos a falar das cousas en condicións non largar todo o que apeteza en cada momento. As horas extras este ano baixan 33.000, que non é suficiente, que son moitas, ese é outro tema pero a cousa é que baixan. Vostede dixo que subían con respecto ao ano pasado.

**Sr. Alcalde.-** Vamos a manter os nervios, eu creo que é unha discrepancia, tranquilícese que queda perfectamente claro, despois ten vostede outra hora para contestarnos, ou sexa que tranquilo .

**Sr. Ruíz Ferro do BNG.-** Nos informes de persoal é verdade que se incumpre pero eu creo que dende que o Concello existe, eu teño lido eses informes, e é algo a o que hai que darlle solución pero parece que o estamos levando nós como bandeira.

O capítulo II, falouse moito, deuse conta de servizos sociais e a lei da dependencia, todo é gastar por gastar.. aí xa non me meto, os xurídicos baixaron, tamén se di que subiron en asesoramento xurídico e se gastou pois non sei si a metade do que se gastou en outras ocasións.

Sobre a casa de Codeseda, vostede tampouco me entendeu, porque a casa de Codeseda está executado o gasto, ese quere dicir que xa o ano pasado ese gasto queda aí en remanentes para pagalo chegado o seu momento, entón como está executado o gasto, non pagado pero si executado, entón chegado o momento, vaise a facer fronte cos cartos do

ano pasado en remanentes.

En relación aos fondos propios, non vou a recordar que estes fondos neste concello no 2007 eran de 91.000, no 2008 se subiron a 997, este ano pois non se conseguiron máis que 616, nun momento económico delicado e de crise. Agora o que verdadeiramente me ten, é o endebedamento Señor López, o problema da débeda o ano pasado un 60, este ano xa baixamos a un 40, pero a verdade é que ten pouco rigor, ou utilice os datos dun sitio ou de outro porque a folla de débeda é a que nos dí como está a débeda a 31 de decembro de cada ano.

Por exemplo o ano pasado utilizaba a débeda, rebaixada a amortización de capital e despois a de 2010 si lle convida, sen facer a rebaixa, mire non, os datos hai que collelos no mesmo sitio porque a débeda non sube un 40%, a débeda este ano xa o dixemos antes.. o que hai que estudar é o estado da débeda, isto é de onde hai que tomar os datos, e este ano a débeda está en 4.655.000, e no ano 2010 estaba en 4.155.000, vostede o ano pasado poñíaa en 5.000.000, no 2007 estaba bastante próxima a de hoxe, non hai máis que coller estas follas de cada ano, o que non se pode é coller datos de distintos sitios como se fixo o ano pasado, entón a débeda non é do 40%, me alegro que baixara con respecto ao ano pasado pero non é tampouco a do 40% e lle vou dicir agora a mesmo cal é; a débeda ao día 31/12/2007, era de 4.360.248 e isto o pode tomar da folla que nos dan intervención dos datos da débeda no ano 2008 por exemplo, e non de 3.338.000 como se dicía o ano pasado, o ano pasado se dicía que no 2007 había 3.338.000 e que no 2010 5.358.000 e que se poden coller os datos que se queiran porque o resultado é o mesmo pero os datos hai que collelos así e o ano pasado tamén co 60%, ben, pois haberá que discutilo porque os datos os temos aquí, pois entón nada máis.

**Sr. Alcalde.-** Sr. Espiño ten a palabra.

**Sr. Espiño do PSdeG - PSOE.-** Mi madriña, menos mal que un ex colega do alcalde me deu un protector de estómago porque isto os que somos de letras non hai quen o aguante, qué empacho, valores absolutos, valores relativos, e que precisamente aí era a onde tiñamos que ir, á filosofía dos presupostos porque xustamente o señor López o dixo; o presuposto é unha ferramenta, e é unha ferramenta que elabora o Goberno, para executar este Goberno e o que vai vir que vai ser o mesmo e iso é o que ten que ser. E a verdade máis que un debate sobre os presupostos, o que pareceu foi un debate sobre o estado do Concello, agora como tivemos o debate sobre o estado da nación, o debate sobre o estado da autonomía, case daba a sensación... e home, eu pensaba .. hoxe seguro que felicito ao señor López pola súa brevidade, e me amolou, non podo felicitalo señor López e eu si que vou a ser breve en consonancia co señor Reboledo, xa que o mesmo empacho de cifras que teño eu terano como mínimo 20 e medio concelleiros, incluída a propia concelleira de facenda, porque evidentemente falamos da feira como nos foi nela, falamos moitas veces aquí e a vostede lle gusta o símil futbolístico, tamén é certo que xogamos o partido no campo que os cidadáns nos designan, e a vostedes agora tócalles xogar o partido no campo da oposición e a nós nos toca xogar costa abaixo que é a zona do goberno.

A primeira discrepancia que vostede manifestaba e que correspondeu aí a compañeira é que non se pode faltar tan claramente á realidade e vostede estivo catro anos gobernando, vai para catro na oposición e non se pode faltar tan cruamente e inventar datos. Estes presupostos veñen con certo retraso, escasamente tres meses pero home e que aquí xa viñeron presupostos con seis meses de retraso e eu xa lle tiña aquí a acta de un dos presupostos firmados precisamente. En iso coincido con vostedes en que a palabra continuista é que si, exceptuando o ano pasado en que se presentaron en tempo e forma e foron aprobados moi a galope pero foron aprobados en tempo, pero este ano polas circunstancias que foran non viñeron como nós pretendíamos, pero en calquera caso reitero o presuposto é unha ferramenta do goberno, sabe o que quere facer cos medios que conta para facelo e como vai a facelo e evidentemente trae estas cifras que son as que lles van a dar actuacións aos cidadáns no próximo exercicio, neste actual no que estamos e o que se pretende é dar os mellores servizos e da maior calidade posible e evidentemente para isto temos que acadar algo que aquí se ven facendo e que con todo isto vostedes negan e que é o aforro no gasto corrente.. señor López espere un pouquiño... e sobre todo algo que sí afecta directamente aos petos dos veciños e que é a contención, creo que xa o comentou antes a compañeira, non sei si fixo moito fincapé nisto, que é conter a presión fiscal; non se soben ningún dos impostos e evidentemente se elaboran eses presupostos que non son máis que un somo entre ingresos e gastos, ingresos que están presididos pola cautela debido ás circunstancias que estamos a vivir, que está limitados por moitas circunstancias e uns gastos tamén presididos pola responsabilidade e pola boa xestión que imos levar e sobre todo dando prioridade a aqueles gastos que considerabamos máis procedentes como son o gasto social e os gastos en dar servizos de calidade aos cidadáns.



Aquí que estiveron botando vostedes man de datos habidos e por haber, e xa digo, admito o termo continuísta porque non se fixo como se puido, tampouco se fixo como quixeramos, reitero unha vez máis como xa dixen o ano pasado, que non son uns presupostos que nos satisfagan. Evidentemente nós quixeramos outros presupostos moito máis ambiciosos, moito máis inversores, pero son os posibles; son uns presupostos axustados á realidade actual do concello e evidentemente son uns presupostos que podemos levar a cabo neste próximo exercicio e que van dar resposta aos cidadáns, en calquera caso aquí como se tomou de todo e xa dixen que parecía máis un debate sobre o estado do concello; do mal estado do concello segundo o señor López, falamos da lei da dependencia, quen non cumpre é o goberno de Madrid, mire, que cumpra a Xunta co que ten que cumprir porque o Concello si se está extra limitando nas súas competencias e iso tamén afecta aos recursos propios do concello, e ben faltaron aquí tantas cousas, incluso ata o dos aprado, resulta que imos ter que asumir dende o concello e as asuminos dentro do que poidamos facer, competencias puramente, estritas e claras da Xunta de Galicia, pero aquí falabamos de historial e comparativas en persoal, isto era, non me acordan os cualificativos .. escandaloso.. ben este ano felicito non apareceron os in, os incompetentes , inoperantes.. felicito porque eses non apareceron.

Evidentemente o gasto de persoal tivo un incremento, non llo imos a negar; son as cifras, os números son crus e duros e están aí, dende o ano 2007 ata este momento hai un incremento de 800.000 euros escasos no incremento de persoal, pero hai un servizo de recadación que se fixo propio, hai nove postos de protección civil, hai un informático e ben isto trae un incremento deses cartos, pero o que digo eu, no ano 2004 os gastos en persoal eran de 3.000.000 de euros, no 2007 presupostaran vostedes 3 millóns e medio, hai que saber entón a que de debeu ese incremento nese exercicio, porque porcentualmente representa un incremento bastante maior.

**Sr. Alcalde.-** Señor Reboredo non imos entrar en debates, despois terá vostede tempo de contestar ... dígame.. aquí o que dirixe o pleno é o alcalde da Estrada, polo tanto quen dí o que hai que facer no pleno é o alcalde e non vostede así que agarde ata ter a palabra.

**Sr. Espiño do PSOE.-** Que aquí non houbo contención do gasto corrente no Capítulo II, cando ben sabemos todos si queremos sabelo, que houbo un incremento no IBI, no imposto do valor engadido, ou non o houbo, pregunto. Houbo un incremento no IBI, houbo un incremento nos prezos e nas subministracións, houbo un incremento nos servizos que se están a dar, pero a resposta téñena os cidadáns e sen embargo os gastos correntes estaban no 2004 en 3.100.000 case, representando o 34,68% do presuposto e este ano representan o 34.08%, somos continuistas nos presupostos e nas operacións correntes idem de lenzo, si este ano nas operacións correntes no seu conxunto e redondeando andan nos nove millóns, quérolle dicir que no 2007 vostedes consignaran 8.800.000 euros e o mesmo nas raquílicas inversións que nos parecen escasas e insuficientes e nos gustarían unhas inversións moi superiores as que temos consignadas pero tiñamos que ter recursos pero quero dicirlle que no 2004 eran 13.3%, no 2005 un 12%, no 2007 consignaran vostedes un 11,3 %, este ano van a un 14,89%, polo tanto dentro das posibilidades que o concello ten, cómo que non hai un incremento significativo dentro das limitacións dun ano anorético en recursos como o que estamos. Polo tanto mire, xa para cerar dunha vez por todas, evidentemente o goberno, sométese cada dous por tres ao exame aquí no pleno, e como temos un tribunal tan duro, suspende sempre con cero pataqueiro polo que non esperamos outra valoración da oposición.

Pero a reválida de verdade vai ser o día 22 de maio, esa é a gran reválida e será cando os cidadáns digan se están ou non satisfeitos e onte comezaba a tempada de pesca e non llo digo señor Reboredo porque vostede xa ten callos aquí e hai un elemento básico para os pescadores, Maceira tamén ten andado moito polo río, que é un engado, cando hai unha determinada metamorfose, hai unha mosca, o que en inglés chaman a metfly e en termos científicos os pescadores chámanlle a efémera dánica e é tan preciosa, tan bonita, tan exuberante, pero é efémera, pouco máis dura de maio, eu deséxolle que vostede dure algo máis que eses quinze primeiros días de maio, que non sexa unha efémera, que sexa unha posición permanente aí, porque os cidadáns asegúrolle van a depositar a súa confianza en nós e este presuposto malo ou non ímolo executar nós.

**Sr. Alcalde.-** Algunha intervención. Ten vostede a palabra.

**Sr. López do Partido Popular.-** Moitas grazas. Ben, despois da brillante intervención do señor Espiño a verdade é que queda pouco por dicir, pero o que lle podería dicir é que se preocupe en ler os orzamentos e non retorza os datos en función das datas, que se no 2004

me refiro a unha cousa, no 2007a outra, eu analicei un documento en termos homoxéneos, 2007, último exercicio aprobado polo Goberno anterior, 2011 último exercicio aprobado polo Goberno actual. Eu referinme a eses datos e fíxeno en termos homoxéneos, analizando de forma homoxénea a evolución do gasto en persoal e gasto corrente do goberno do que vostede forma parte e do Goberno que houbo anteriormente, tampouco se ten que poñer tan nervioso nin tan precipitado, certo é que nervioso si que o vexo señor Espiño, eu sabe que lle profeso un inmenso cariño persoal, político non pero persoal, tamén llo digo co mesmo cariño que lle profeso, home se alguén pasará á historia da Estrada por perder eleccións será vostede, botou quince anos chupando roda do Partido Popular, eu de momento non perdín ningunha, de momento a todas as que concorrín no Concello da Estrada, gañou o Partido Popular con maioría absoluta cousa que vostede non pode dicir, polo tanto eu síntome satisfeito e orgulloso de representar ao Partido Popular, e despois de estar toda a vida de perdedor tamén se lle pode conceder a vostede algunha vez o mérito de que teña que gabarse dos méritos conseguidos por medio de outros porque vostede non foi capaz de conseguilo polos seus propios medios pero tamén é importante saber estar no momento xusto e no lugar axeitado, iso dende logo que é un mérito que eu lle atribúo pero non se poña nervioso que o 22 de maio chegará, véxolles obsesionados co 22 de maio e coas eleccións, se vostedes o teñen tan seguro, non se obsesionen, nin comigo, nin co Partido Popular, nin co 22 de maio, sigan ao seu ritmo, traballando á súa forma e xa chegará a data e xa pasará o que teña que pasar. Eu non sei se serei efémero ou non, pero dende logo quince anos chupando roda súa na oposición non os vou a chupar, teño bastante dignidade e creo que podo achegar bastante máis en política que estar quince anos chupando roda dun partido na oposición, pero o que está claro é que eu en ningún caso quixen empregar ningún dato que non fose oportuno, eu o único dato ao que me podo referir para analizar os Orzamentos no que respecta ao endebedamento porque non teño a sorte de ter o cadro de endebedamento do Concello, é o informe económico-financeiro onde na súa páxina número dez o total que analiza este documento e pon exactamente, importe da débeda pendente, incluída a operación contratada nova, 4.592.000 euros.

**Sra. Ruíz Ferro do BNG:** Non é correcto iso.

**Sr. López Campos do Partido Popular:** Pois é o único documento que teño, e no mesmo documento do ano 2007 neste mesmo cadro, neste mesmo punto no importe da débeda incluída a operación contratada no ano 2007, o endebedamento eran 3.338.000 euros, eu estou dicindo que emprego os datos que me pasa vostede para poder analizar o orzamento e con estes datos, o endebedamento do Concello, incluída a operación vixente dende o 31 do 10 do 2007 o 31 do 10 de 2011 son 1.260.000 euros e un incremento dun 38%. Estes son os datos que manexo eu, porque son os datos que me pasou vostede, se vostede non me pasa todos os datos; eu ese cadro non o teño, a min pasáronmo por correo electrónico e non o teño, puido haber un erro, eu manexo datos, manexo tantos datos que pon, nivel de endebedamento conforme ao artigo 53.) precisarán autorización co órgano competente as operacións de crédito ao longo de prazo que incrementen o 100% dos ingresos correntes devengados ou liquidados, importe consolidado dos créditos en circulación a 31 do 12 do 2010, incluída a nova operación, eu teño o saldo de créditos neste documento e aquí é onde saco eu os datos que manexo, 1.260.000 euros, vostede manexará outros datos, eu manexo os que teño e polo tanto estoume a referir a datos concretos e reais ademais.

No que respecta ao compromiso que dicía o voceiro do partido socialista sobre o gasto social, se non fose un tema tan grave, pegaría-me a risa, que vostede me diga que nun orzamento o 80% practicamente o consome en gasto corrente, e cando falamos deste gasto, falamos de que 3.600.000 euros en gasto corrente, son gastos en bens e servizos, reparacións e mantementos. Iso é o que gastan vostedes, entre iso, pagar gasto de factura enerxética e factura da luz, e gastos de persoal, consomen vostedes o 80% dos recursos do concello e dime vostede que teñen un presuposto que inverte socialmente, que son un goberno comprometido co gasto social, pero de onde sacan o gasto social se non teñen diñeiro, si entre iso e o endebedamento que dixen antes que vostede me diga que o concello agora vai a un 14% de investimento, cando no ano 2004 xa non quero recordar porque se cadra vostede se retrae as épocas en branco e negro da televisión, eu non recordo esas épocas pero cando no ano 2007 se ía a un 13% de investimento, pero no ano 2007 o goberno municipal non incumpriu o principio de estabilidade orzamentaria, e no ano 2007 o goberno non ía a un crédito de 1.000.000 de euros para pagar uns investimentos que eu aínda que de política fiscal non entendo moito, está claro que na relación de proxecto de investimento que van neste estadillo, o 80% dese importe, non son investimento, puro e duro, poderán cualificarse aquí como investimento novo, maquinaria, instalacións, semáforos e seguridade, ou unha partida calquera que poidamos coller aquí; investimento, novo mobiliario e aparellos de urbanismo, 3.000 euros; investimento novo en

instalacións e servizos de auga, 2.000 euros, investimento en mobiliario e aparellos de servizos sociais, 3.000, investimento reposición de edificio e outras construcións de servizos sociais, 2.000 euros; iso non son investimentos, son gastos para atender uns servizos, pero un investimento, o que se entende por investimento todos sabemos que é unha cousa radicalmente diferente, todos entendemos por investimento cando ese investimento pode aportar á sociedade ou os tecidos produtivos ou aos sectores económicos ou ao mercado laboral, determinadas vantaxes competitivas, cando podemos estar sentando as bases do desenvolvemento futuro do noso concello ou creando as infraestruturas necesarias para que os propios sectores produtivos e a sociedade civil se desenvolvan e isto xere riqueza no noso Concello. Iso son investimentos e como investimentos eu aquí o único que vexo son 337.000 euros apra reparar a parte superior da casa consistorial do Concello da Estrada, case 60 millóns de pesetas que é unha obra que é xusto o emblema da súa xestión, gastan en vostedes e non gastan nos cidadáns, gastan na súa comodidade, no seu servizo, gastan en proxectos que non aportan nada ao resto da sociedade, e o resto de proxectos, o resto da súa inversión son directamente irrisorias e ridículas. Home, que me diga vostede que non xestionan, que non teñen competencia e que non poden facer absolutamente nada no emprego; que ese concepto o tiñan eu xa o sospeitaba pero que o dixeran tan claramente resúltame un pouco duro de escoitar pero é certo que así nos explicamos moito mellor como vai sendo a evolución do paro na Estrada, pasar de 900 parados na Estrada a pasar a case 2.000 dende que vostedes gobernan, outra triste herdanza. Pero vostedes manexan 450.000 euros que lles aporta a Consellería de Traballo para plans de emprego e apra dinamizar a actividade e o emprego; 450.000 euros, home aínda que a vostedes seguramente co nivel de vida e de gasto que teñen, non lles chegue a moito, pero 450.000 ben invertidos dan apra facer determinados proxectos e determinadas inversións pero tamén é certo que cando un quere vivir a todo trapo e gastar o que non ten, pois o normal é que nunca nada lle chegue, que é o resumo do que lles está pasando a vostedes dende que tocaron moqueta e dende que colleron unha cadeira; un sillón oficial, e eu dicíallo antes, eu recorro aos datos homoxéneos; incremento do capítulo de persoal dende que vostedes gobernan; 800.000 euros; gastos a maiores do gasto corrente dende que vostedes gobernan; 1.600.000 euros, son datos que están no orzamento municipal. 1.600.000 máis 800.000 euros son 2.400.000 euros máis o que levan gastado en persoal nos outros tres anos, van vostedes por encima dos 4.000.000 de euros. Que precisan vostedes para sentirse realizados no labor da xestión pública e que precisan tamén para manter os seus pactos de intereses, pero non é nada novo, non creo que sexa nada que lles sorprenda porque isto é recorrente en todos os concellos, en todas as administracións onde gobernan bipartitos, tripartitos ou cuatripartitos; precisan vostedes para alimentar os seus egos, maiores gastos suntuosos ou suntuarios dos que precisa calquera goberno e polo tanto o que está claro é que seguen vostedes endebedándose, recorrendo ao crédito, gastando máis en persoal, facendo un gasto improdutivo e seguen gastando menos no que realmente importa, e A Estrada por desgraza está hoxe moito peor que fai catro anos, moito peor; fai catro anos había o 100% menos de parados, hoxe seguimos tendo por desgrazas as peores infraestruturas do noso entorno, hoxe seguimos tendo os peores servizos do noso entorno, e hoxe o Concello é máis pobre e é máis triste que fai catro anos. Polo tanto o último orzamento que presentan neste mandato eu creo que é lóxico que fagamos este pequeno balance para que analizando os datos, se poida plasmas e verificar, cal é o resultado da súa xestión e cal é prezo que teñen que pagar os cidadáns por ter un goberno de intereses e un goberno que o único que mira é para si e non mira para os demais.

**Sr. Reboredo Baños dos Non Adscritos.-** Simplemente aclararlle á Concelleira de Facenda. Mire 2.008, gratificacións, 94.990 euros; 2009, 111.807 máis un 17,7%; 2010, 117,062 máis un 4,70 e 2011, 130.709 máis un 11.66 %. Estamos falando de orzamento, non de execución, que a execución xa sabemos que foi moito peor. Por tanto en resume, sigan vostedes co capítulo de persoal a ese ritmo, sigan vostedes co gasto corrente; falaban de que cando nós estabamos no goberno investiamos o 12% e o 13% de fondos propios e vostedes 5 anos despois fan exactamente o mesmo, polo tanto, por iso é continuista señor Espiño.

**Sr. López Doce do BNG.-** A verdade é que é unha pena que non se aproveite para facer unha análise rigorosa un ano máis. Parece que nin máis nin menos o Sr. López ten ademais de referente ao señor Ruíz Rivas, seguro que tiña outros referentes mellores para aprender aínda que non sexa do seu propio grupo, porque no seu propio grupo seguramente non os haberá. En todo caso, os orzamentos que agora imos aprobar, foron elaborados tendo en conta que para min non, se os señores e señoras teñen a ben escoitar, ben, polo menos estar calados efectivamente. Temos unha situación na que nos atopamos con unha baixada de ingresos de máis de 300.000 euros, como xa comentou a Concelleira de Facenda e

tamén e tamén o voceiro do Partido Socialista, fundamentalmente pola baixada nas transferencias da Xunta de Galicia. Fronte a esa situación, con menos ingresos, temos un Orzamento no que o gasto corrente, no que está incluído tamén e o señor López aínda que o obvia sabe que isto é así, o gasto en servizos sociais, aínda incrementándose este gasto neste Concello nunha clara aposta polos nosos veciños, baixa en 257.000 euros e os investimentos, mal que lles pese, soben en 305.000, isto nun contexto no que os impostos que teñen que pagar os veciños e veciñas do noso Concello, están conxelados, non se vai ao peto dos veciños como adoita facer o PP. Grazas a vostedes, ¿foi vostede o autor da proposta de resolución no Parlamento instando ao goberno a non cobrarlle o canon da auga aos veciños titulares de pozos e traídas?, ¿foi vostede o que presentou a proposta de resolución do PP?, Só votou a favor non?, ben en todo caso señor López, tamén señor Reboredo, para que se dean conta os veciños e veciñas da dimensión do tema da débeda que tamén está no informe de Intervención, o que pasa é que vostedes collen as cifras que lles parece e súmanas tamén da maneira que lles parece, o límite das operacións de crédito que podíamos presentar neste exercicio son 3.663.000 euros e recorreremos a unha operación de crédito de 1.052.000, aí está a cuestión da débeda, tamén critican a falta de aplicación destes Orzamentos na situación de crise económica para o desenvolvemento económico e a xeración de emprego. Saben vostedes que a capacidade e competencias que ten o Concello neste ámbito, son limitadas, imaxino que o seu compañeiro e veciño, alcalde de Lalín que ten triplicado a taxa de desemprego non lle di vostede o mesmo, as medidas principais para a dinamización e promoción económica que ten na súa man este concello, están bloqueadas polo seu partido, que é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, están bloqueadas e volveuse a aprobar outra resolución no parlamento instando á Consellería competente a axilizar a tramitación dos plans xerais de ordenación municipal como é o caso da Estrada e a vostede tamén lle consta. Eu a cuestión esta que se sacan agora vostedes da maga de anular o investimento na casa do Concello, saben vostedes que é un investimento plurianual que é a última anualidade que se ven concedendo, que xa se aprobou no ano 2008 e que aínda queda unha anualidade máis e non sei si o que vostedes pretenden é deixar a casa do Concello a medio arranxar, aquí non só teñen un lugar apra traballar ao servizos dos veciños e veciñas que para iso é para o que vimos; vostede non, vostede está para outra cousa. Non hai máis que escoitar para decatarse para que está vostede, pero en todo caso aquí non só están os membros da corporación teñan ou non responsabilidades de goberno, senón que están a totalidade dos servizos administrativos deste concello e é onde os veciños e veciñas acoden diariamente para realizar xestión como xa sabe vostede, ou igual non o sabe porque da súa intervención non se deduce. En todo caso, aproveito señor López para comentarlle unha anécdota, porque di vostede que A Estrada está peor que hai catro anos, e dicíame unha veciña dunha parroquia hai pouco, tivo vostede alí unha reunión e atreveuse a afirmar que alí estaban peor que había catro anos, e dixo a señora, “ ben se ve que o rapaz nunca veu ao rural”, verídico.

**Sr. Alcalde.-** Ben, rematado o debate imos pasar á votación do presuposto de exercicio 2011, votos a favor do ditame da comisión, ¿que proposta?, a da Casa de Codeseda. Ben, se queren votámola pero ten poucas posibilidades de saír adiante pero ten poucas posibilidades de saír adiante. Eu creo que o que corresponde facer neste caso sería facer unha emenda ao ditame da comisión e votar a emenda antes de votar o ditame da comisión, non é necesario que o repita penso eu porque foi a que fixo na intervención. Ben, pois entón a súa proposta que está recollida na acta antes de votar o ditame da comisión, se se aproba a emenda incorpórase ao ditame e senón pois vótase o ditame. ¿votos a favor da emenda?, ¿votos en contra?. Ben, rexéitase por maioría absoluta.

Sometido o asunto a votación, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites) e (BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e nove votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maíssa Rodrigo e Loureiro Méndez) e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) polo que por maioría se aproba o proxecto de Orzamento presentado.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e dez minutos.

A Estrada, 21 de marzo de 2011  
A secretaria.  
Asdo.: Marta Cajide Barbeito